
Ramón Mariño Paz / Xavier Varela Barreiro (eds.), *A lingua galega no solpor medieval*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2016, 194 páxinas.

Data de recepción: 08/10/2018 | Data de aceptación: 07/11/2018

A lingua galega, como acontece con todas as linguas do mundo, experimentou múltiples mudanzas antes de se tornar o idioma que é hoxe. Neste sentido, o galego evoluiu ao longo dos séculos, adquirindo características propias que o acabarian por diferenciar das linguas da súa contorna. No entanto, como é sabido, a evolución de calquera idioma constitúe un proceso lento e complexo que dificulta substancialmente o establecemento dunha correspondencia clara entre as distintas solucións fonéticas, morfosintácticas e lexicais que revelan as fontes documentais e un estadio da lingua estritamente delimitado. Non obstante este feito, o estudo dos textos conservados permite o contraste de aspectos lingüísticos relevantes pertencentes a diferentes sincronías, o que torna posíbel encadramos certos trazos distintivos nunha determinada faixa de tempo e, por conseguinte, comprendermos a evolución histórica da lingua. A este respecto, téndomos en conta a alternancia de períodos de luces e sombras en que vive a Galiza no decorrer da súa historia, a etapa de transición que serve de ponte entre a Idade Media e a Idade Moderna ten unha importancia fulcral para o galego, até ao punto de determinar o seu percurso histórico. Así, ao longo dos séculos XV e XVI o noso país testemuña mudanzas políticas, sociais e culturais que afectan directamente o destino do idioma, tanto no que di respecto á súa estrutura e aparencia como no relativo ao abandono dos seus usos escritos.

Neste contexto, a saída do prelo d'*A lingua galega no solpor medieval* contribúe grandemente para o coñecemento das múltiples e diversas transformacións que experimenta o galego durante os séculos tardomedievais. Este volume, editado por Ramón Mariño Paz e Xavier Varela Barreiro, e publicado en 2016 dentro da colección Ensaio & Investigación do Consello da Cultura Galega, dá continuidade á liña de investigación que principiara Ana Isabel Boullón Agrelo coa edición de *Na nosa lyngoage galega: a emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media* en 2007. Neste sentido, como acontece no caso do antecitado contributo, estamos perante unha obra colectiva cuxo ámbito de análise non se limita exclusivamente ao estudo de cuestións lingüísticas, senón que tamén examina todos os fitos históricos, políticos e culturais que tiveron repercusións directas ou indirectas quer na evolución natural da lingua, quer na perda das funcións propias que caracterizan unha lingua

completamente normalizada, tal como era o caso do galego durante a Idade Media. Na mesma liña, como se verá a seguir, os distintos artigos que integran *A lingua galega no solpor medieval* atestan a perspectiva románica que impregna o volume, o que non é de estrañar se considerarmos o prestixio de que gozan ambos os editores dentro da lingüística histórica galega e romanística. Consecuentemente, se ben que é verdade que a maior parte dos textos poñen a tónica no abandono do uso formal escrito do galego e nas mudanzas lingüísticas que experimentou o idioma nun período tan fundamental da súa historia, esta obra tamén contempla a emerxencia, a evolución e a desigual fortuna de varias linguas e variedades da nosa contorna, isto é, o portugués e o asturiano, fornecendo deste modo unha visión integral dos séculos tardomedievais no noroeste da península ibérica.

Con este pano de fondo, e nun momento en que o galego está a preencher paulatinamente as lacunas existentes nos seus estudos históricos e filolóxicos, *A lingua galega no solpor medieval* destínase a todos os lectores e lectoras que desexaren ben alargar os seus coñecementos a respecto das transformacións (extra) lingüísticas a que está suxeito o galego na época tardomedieval, ben aprofundar na evolución dos espazos sociolingüísticos e sociopolíticos portugués e asturiano. Canto á súa estrutura, esta obra colectiva consta de sete extensos artigos que, xuntamente co completo limiar (pp. 6-14) que introduce os contributos, constitúen un volume de case dúascentas páxinas. A este respecto, consoante a perspectiva románica que acabamos de referir, convén destacarmos a presenza de autores de diversa procedencia xeográfica que, por súa vez, desempeñan o seu labor en diferentes áreas de coñecemento, o que resulta nunha grande diversidade e riqueza de abordaxes e metodoloxías. Por seu turno, embora non fiquese expreso na obra, a ordenación dos materiais segue unha progresión clara que dá orixe a dous blocos temáticos que se complementan mutuamente: no primeiro, incluíriáanse os tres primeiros contributos, xa que, aínda que so diferentes prismas, se centran, nomeadamente, en cuestións relacionadas co contexto histórico, social, cultural e lingüístico dos distintos territorios que facían parte do noroeste da península na época que nos atinxe; o segundo, por súa vez, abranxería os catro textos restantes, que abordan aspectos estritamente lingüísticos no espazo galego-portugués. Con efecto, a disposición dos contidos é máis unha mostra do traballo minucioso e rigoroso dos editores no momento de concibiren a obra como un todo, pois, do punto de vista do lector ou lectora, o coñecemento previo do contexto en que teñen lugar as mudanzas lingüísticas contribúe significativamente para a comprensión dos distintos fenómenos que experimentan as devanditas linguas.

Despois do exposto, e pasando á materia en debate, o primeiro dos traballos, intitulado “O reino de Galicia no remate da Idade Media” (pp. 15-36) e asinado por Anselmo López Carreira, fai un extenso percurso polas mudanzas políticas, eco-

nómicas e sociais que experimentou a Galiza na pasaxe da Idade Media á Idade Moderna. Para esta finalidade, o profesor da UNED concentra a súa atención no período comprendido entre 1386 e 1486, por se tratar dun período excepcionalmente rico en acontecementos históricos que tería graves consecuencias socioeconómicas e políticas. Neste sentido, como ben argumenta o autor, a entronización da dinastía Trastámara conduciu á ruína da nobreza condal galega e ao primeiro fracaso da burguesía urbana do país nas súas tentativas de alargar a súa autonomía municipal, confirmando así a hexemonía episcopal na Galiza e, subsecuentemente, o inicio dunha mudanza profunda no tecido económico e social que foi só o preludio da paulatina desnacionalización, ben como da dependencia política que se tornaría evidente no século XV. Para alén diso, López Carreira atribúe especial atención á explosión revolucionaria irmandiña, que, como é sabido, representou “un punto de inflexión na historia do país” (p. 27). Así, o autor fornece un relato pormenorizado das causas e do desenlace deste movemento, pondo a tónica nas consecuencias económicas e políticas desta guerra civil. Con efecto, o revés militar dos irmandiños e a nova crise da nobreza galega, xuntamente coa reafirmación da hexemonía episcopal e a centralización do monacato so as ordes dos Reis Católicos, provocaron case inmediatamente a perda da autonomía do reino, o estancamento e a ruralización da economía galega, e, infelizmente, a diminución progresiva da normalidade lingüística de que gozaba a Galiza até ese momento. Con este pano de fondo, como argumenta López Carreira, o noso país “non contará cos resortes sociais e culturais precisos para acometer os cambios profundos que demandaban os novos tempos” (p. 35).

Por súa vez, pasando a cuestións lingüísticas máis concretas, “A lingua portuguesa na fin da Idade Media” (pp. 37-65), contributo da autoría de Juan M. Carrasco González, explora un período na historia do portugués en que a lingua rexistra procesos evolutivos chave que van transformar de xeito crucial a estrutura e a aparencia do idioma. Con efecto, conforme analiza detidamente o profesor da Universidade de Estremadura, estas mudanzas innovadoras contribuíron para a fixación dunha lingua común que, a través dun proceso demorado de elaboración, acaba por rexeitar o seu pasado e por se afastar das súas orixes setentrionais. Esa vontade de reivindicar una lingua común e unha nacionalidade diferenciada dá orixe no século XIX a unha serie de teorías evolutivas que pretenden explicar e xustificar as innúmeras innovacións fonéticas, morfolóxicas e sintácticas que sufriu o portugués no solpor da Idade Media. Neste sentido, é sen dúbida digno de nota o traballo de recolla de información que realiza o autor co fin de ilustrar as influencias lingüísticas e históricas que marcaron o tránsito do portugués arcaico ao portugués medio. Así, a través de múltiples citacións de recoñecidos autores e intelectuais, como é o caso de Leite de Vasconcelos, Herculano de Carvalho e Paul Teyssier, entre moitos outros, Carrasco González analiza as innovacións máis salientábeis deste período,

colocándoas sempre en relación coas teorías de base mozárabe e céltica, ben como coa influencia da inmigración francesa na época. A este respecto, após considerar os varios argumentos presentados, o autor determina que “unha influencia francesa explica de forma máis convincente [...] a aparición dos fenómenos de asimilación e disimilación dos ditongos decrecentes, as vogais portuguesas e [...] a substitución de [v] por [β]” (p. 53). Aliás, o autor fai algúns apuntamentos moi interesantes sobre a chegada das devanditas innovacións á lingua literaria a mediados do século XV, ben como sobre o paradigma clásico latino e a problemática relación con Castela e co castelán. Xa para concluír as case trinta páxinas que conforman este artigo, o investigador da Universidade de Estremadura examina o grande labor dos principais escritores e gramáticos portugueses do século XVI a prol do portugués, nun momento en que a estandarización e a expansión da lingua para alén das fronteiras nacionais se tornan nun obxectivo prioritario.

O terceiro dos traballos é da autoría de Xulio Viejo Fernández quen, co título “El asturiano en el tránsito de la Edad Media a la Moderna (siglos XIV-XVII): entre el retroceso y la toma de conciencia lingüística” (pp. 67-94), ofrece unha perspectiva histórica das circunstancias sociopolíticas da Asturias dos primeiros séculos da Idade Moderna, facendo fincapé tanto no nacemento e subsecuente esmorecemento do cultivo escrito do asturiano, como no acordar dunha consciencia lingüística autónoma. Así, con base en diversas fontes documentais, o investigador ovetense principia o seu traballo cun breve percurso polos séculos XIII e XIV, e, mais concretamente, polo período comprendido entre 1260 e 1330, pois, como Viejo Fernández expón, corresponde ao momento de consolidación e pleno desenvolvemento do asturiano escrito. Neste sentido, a pesar de que “la evidente proximidad entre asturiano-leonés y castellano ha dado lugar en la tradición filológica española a una visión dialectalizante de los diplomas asturiano-leoneses”, os textos conservados atestan un rexistro asturiano-leonés que presenta “soluciones diferenciales bien perfiladas tanto respecto al gallego como al castellano” (p. 73). Estamos a falar, por conseguinte, dun romance emerxente con trazos propios (p. ex. palatalización de [l-] inicial latino, plural feminino en *-es* etc.) que conduciu ao nacemento dunha consciencia lingüística propia entre a poboación asturiana varios séculos despois. Unha outra cuestión que cómpre apuntarmos é o efecto que tivo a penetración do español no século XIV en Asturias. A este respecto, consoante argumenta o autor, o avance do proceso de castelanización viuse reflectido na “progresiva aclimatación de innovaciones castellanas”, nomeadamente na escrita. (p. 78). Neste sentido, de acordo co profesor da Universidade de Oviedo, a penetración deste idioma foráneo nun entorno alleo, para alén de coincidir cunha maior visibilidade gráfica dun idiotismo asturiano tan marcado como é a devandita palatalización de [l-], “bien pudo coadyuvar a la consolidación de una auténtica conciencia lingüística” (p. 80).

Pasando agora a cuestións de natureza puramente lingüística, o cuarto artigo deste volume, intitulado “Galego-portugués e castelán na Galiza do século XV. Retrincos significativos na documentación xudicial da colección da catedral de Lugo” (pp. 95-120), fornece un estudo lingüístico pormenorizado que avalía a presenza do galego-portugués e do español en varios textos do século XV que se conservan na catedral de Lugo. Este contributo, asinado por Xavier Varela Barreiro e Ricardo Pichel Gotérrez, examina os usos lingüísticos presentes na documentación xudicial co fin de ofrecer datos exactos que deiten luz sobre o avance do proceso de castellanización no aparello da xustiza. Para esta finalidade, os autores concentran a súa atención en sete sentenzas: cinco provenientes do ámbito civil e dúas emitidas por xuíces eclesiásticos. Así, a través dunha análise exhaustiva que ten en conta factores como a localización da acción xudicial e a identidade e rexión de orixe de todas as persoas que interveñen no proceso, Varela Barreiro e Pichel Gotérrez observan que, independentemente da orixe foránea e dos usos lingüísticos das partes envolvidas, os cinco documentos decorrentes da xustiza rexia están redixidos en español, en canto as dúas sentenzas provenientes do ramo eclesiástico difiren na escolla do idioma, verificando que “o proceso castellanizador se produciu moito máis lentamente na administración eclesiástica que na civil” (p. 116). Neste sentido, embora a dimensión do corpus non permita tirar conclusións definitivas, os resultados obtidos mostran “o evidente divorcio lingüístico entre a sociedade galega [...] e o aparato da xustiza encargada de resolver os seus problemas” (p. 112).

Na mesma liña de pensamento, o seguinte traballo conságrase tamén ao estudo de situación do galego no decorrer do século XV, mais so unha perspectiva diferente. Así, en canto Varela Barreiro e Pichel Gotérrez ollan este período do punto de vista sociolingüístico, en “Cambios desde abaixo e cambios desde arriba no galego do século XV” (pp. 121-146), como o propio título suxire, Ramón Mariño Paz privilexia a lingüística histórica, e especialmente as teorías de Labov, co fin de analizar en profundidade dúas das mudanzas máis salientábeis que experimentou o galego neste período, isto é, a desnalización vocálica das terminacións latinas -ĀNES, -ĀNIS, -ĒNES, -ĒNES, -ĪNES, -ĪNES, -ŌNES, -ŌNOS, -ŪNES, -ŪNIS e -ŪNOS, e as diferentes variantes provenientes da evolución del sufixo latino -BĪLIS. No entanto, antes de entrar nesta materia, o autor aborda moi acertadamente varias cuestións chave que serven de cadro de referencia para comprendermos a cerna deste contributo. Neste sentido, Mariño Paz considera as distintas fases da mudanza lingüística, cunha énfase especial no ritmo do proceso de creación e de difusión das innovacións lingüísticas na historia da Galiza, ben como nos múltiples axentes responsábeis do seu espallamento desde a romanización até á actualidade. Unha vez feitos estes apuntamentos, o autor concéntrase nos trazos principais das dúas devanditas mudanzas, tendo en conta a diversidade categorial das palabras afectadas, a posíbel orientación castellanizante das variantes innovadoras, a

data aproximada de comezo de cada proceso evolutivo e a orixe interna ou externa das mudanzas xurdidas. A súa análise, que inclúe múltiples tabelas e exemplos que exclarecen o texto, revela que estamos perante “dous procesos netamente diferentes”, non só pola cantidade e a variedade de vocábulos involucrados, mais tamén pola porcentaxe da poboación afectada nun primeiro momento (p. 140). A este respecto, conforme a terminoloxía de Labov, o fenómeno da desnasalización constituiría unha mudanza desde abaixo, debida á acción de factores internos e presente no conxunto da comunidade galegofalante, en canto, polo contrario, a penetración da variante *-ble* desde arriba ten unha orientación claramente castellanizante.

Por súa vez, o fenómeno da interpolación pronominal é o obxecto de estudo do penúltimo texto, “A interpolación pronominal no tránsito do galego medieval ao galego moderno” (pp. 147-178), en que Xosé Manuel Sánchez Rei ofrece ao público lector unha explicación pormenorizada da situación desta particularidade sintáctica nos séculos XV e XVI. Ora ben, antes de abordar en profundidade os trazos máis salientábeis deste fenómeno sintáctico, que se pode definir como “a intercalación de unha ou mais palabras entre unha forma pronominal proclítica e o verbo, das cales [...] polo menos unha debe ser tónica” (pp. 151-152), o investigador e profesor da Universidade da Coruña fai un interesante percorrido polos seus posibles antecedentes no latín, no protorromance galaico e no galego antigo, referindo outrosí as distintas teorías que teñen por obxecto a explicación deste fenómeno, ben como os distintos tipos de elementos “capaces de se intercalaren entre o pronome e o verbo, tanto na época tardomedieval como nos nosos días” (p. 157). A este respecto, convén facermos referencia aos múltiples exemplos literarios que acompañan o texto, pois, para alén de determinaren que “é a lírica a modalidade en que se rexistran máis construcións sintácticas con interpolación”, contribúen para ilustrar a rendibilidade e o potencial expresivo deste recurso. Neste sentido, o investigador constata que este tipo de estruturas gozaban dunha plena normalidade na Idade Media, sendo no tránsito do século XV ao XVI cando principia o esmorecemento destas construcións, ben como a progresiva “simplificación da diversidade e complexidade de elementos interpolados” (p. 166). No que di respecto aos motivos do devalar da interpolación pronominal na escrita da época, Sánchez Rei apunta cara a factores internos e externos, tal como é o caso, respectivamente, do carácter facultativo e duplamente marcado deste recurso, e da presión lingüística exercida polo español, nomeadamente na Idade Moderna. Como se reflicte nestas páxinas, estamos perante un recurso sintáctico e estilístico-expresivo que constitúe, indubidabelmente, unha marca inconfundíbel dun “modelo lingüístico digno e de calidade, realmente comprometido co futuro do idioma” (p. 175).

O último dos traballos incluídos neste volume, intitulado “A castellanización da toponimia na documentación instrumental galega da Idade Media” (pp. 179-194)

e asinado por Lucía Doval Iglesias e Gonzalo Hermo González, aproxímase do fenómeno da castelanización da nosa toponimia a través do estudo da prosa instrumental galega dos séculos XIII, XIV, XV e XVI. Para esta finalidade, os investigadores adoptan unha perspectiva dupla: por un lado, concéntranse no estudo da presenza textual de catro topónimos de frecuencia alta na nosa documentación medieval, isto é, *Ourense*, *(O) Outeiro* e *(O) Souto / (O) Soutelo*; por outro, baleiran a toponimia dun manuscrito do ano 1500 redixido en español, o *Libro do Subsidio*, co fin de estudar a evolución do proceso de castelanización e deturpación dos topónimos galegos na Idade Media. Así, a través dunha metodoloxía que combina técnicas cuantitativas e cualitativas de recolla e análise de datos, Doval Iglesias e Hermo González observan que, no tocante aos devanditos topónimos “as solucións deturpadas aparecen no século XV, pero só atinxen unha porcentaxe significativa no XVI”, polo que “o seu proceso de consolidación tivo que producirse no período posmedieval” (p. 188). Relativamente ao *Libro do subsidio*, como atestan as diversas tabelas que se inclúen neste contributo, dos 1145 lemas toponímicos galegos rexistrados, só o 3,32 % das formas corresponden a topónimos castelanizados, o que confirma que, no comezo do século XVI, os nomes deturpados eran claramente minoritarios e non parecían seguir un padrón prescrito. Con base nestes resultados, os autores conclúen que, debido ao feito de a castelanización da toponimia ser máis serodia que a da lingua da escrita, “o proceso de castelanización da toponimia galega debe ser abordado como un fenómeno eminentemente posmedieval” (p. 193).

En conclusión, os sete contributos que compoñen *A lingua galega no solpor medieval* contribúen so diferentes ángulos para a reconstrución dun período histórico en que o galego, tal como o portugués e o asturiano, experimentou mudanzas na súa evolución interna e nos seus usos escritos que chegarían a determinar o seu futuro. Xa para concluírmos, non podemos máis do que dar os parabéns tanto aos editores como aos autores dos traballos pola calidade, a clareza e o rigor que caracterizan estas páxinas. Trátase, en definitivo, dun volume imprescindible para aquelas persoas que quixeren coñecer a situación do galego no tránsito do século XV ao XVI, mais tamén constitúe un convite para aprofundarmos nesta liña de pesquisa co fin de preenchermos todas as lacunas que aínda subsisten na historia do noso idioma.

Maria Fernández Zas

Referencias bibliográficas

Boullón Agrelo, A. I. (ed.) (2007). *Na nosa lingoage galega: a emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega.

Revista Galega de Filoloxía, 2018, 19: 153-159

ISSN 1576-2661 / e-ISSN 2444-9121 